

NOTA DE PRENSA

Presentado o primeiro dicionario en galego do comercio

O presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas, e a Directora Xeral de Comercio, Ana María Rúa, presentaron o **Dicionario Ilustrado do Comercio**, a primeira obra destas características dedicada integramente ao sector e que verá a luz despois do verán.

O obxectivo desta cobizosa iniciativa é dar un paso máis na procura dun comercio galego de calidade, capaz de dar resposta en tódolos ámbitos ás esixencias do consumidor. Neste senso, polo seu papel de intermediación e trato directo co cliente, considérase que o comercio retalista desempeña entre outras funcións un papel fundamental nas políticas de fomento, normalización e inmersión lingüística. Con esta nova ferramenta, editada pola Federación Galega de Comercio en colaboración coa Dirección Xeral de Comercio, facilítase tanto ao comerciante como ao consumidor o uso do galego nas transaccións comerciais.

A obra sairá cunha tirada inicial de 3.000 exemplares, que se distribuirá a asociacións, comerciantes e consumidores. Búscase crear un material ameno e novo, combinando nas súas máis de 300 páxinas textos, máis de 500 ilustracións, viñetas e arredor de 2.000 entradas. Isto fusionarase co máximo rigor lingüístico, xa que está a ser elaborado por un equipo multidisciplinar de filólogos, xornalistas, pedagogos e técnicos comerciais.

O Dicionario Galego de Comercio estrutúrase en cinco partes fundamentais, que recollerán o vocabulario básico do sector e un recopilatorio de situacións cotiás, produtos e servizos divididos por sectores, glosario de termos económico-comerciais e, finalmente, un vocabulario trilingüe galego-castelán-inglés.